

**METEOSANSA
CANCIONEIRO
C.P.I. SAN SADURNIÑO**

Este curso o alumnado de 3º de ESO elaborou unhas cantigas de amigo sobre a meteoroloxía. Atoparedes nelas algúns dos estribillos típicos da lírica galaico-portuguesa medieval combinados coa realidade actual. Por outra banda, escollemos cadros relacionados coa meteoroloxía posto que este curso o lema do cartel e outros materiais elaborados pola Asesoría de Bibliotecas Escolares é “Biblioteca, territorio das artes”.

Ondas do río Xuvia,
follas dos salgueiros
as dúas sodes testemuñas
dos pescadores que andan tras as troitas.

Ondas do río da Bañoca,
follas das bidueiras,
as dúas sodes testemuñas
dos pescadores que andan tras as troitas.

Follas dos salgueiros
nos días de mal tempo,
as dúas sodes testemuñas
dos pescadores que andan tras as troitas.

Follas das bidueiras
nos días de moito vento
as dúas sodes testemuñas
dos pescadores que andan tras as troitas.

M. P., M. S e G


Levantouse a amiga,
contenta porque non chovía.
Leda dos amores,
dos amores leda.

Levantouse a rapaza,
contenta vai polo camiño.
Leda dos amores,
dos amores leda.

Contenta porque non chovía,
namorada na estación florida.
Leda dos amores,
dos amores leda.

Contenta vai polo camiño,
namorada da paisaxe.
Leda dos amores,
dos amores leda.

A.S. e P.P.



O espello falso de René Magritte

Ondas do mar de Pantín
que brillan coma o pirixel:
sairá o sol
e iluminará o meu corazón?

Ondas de Pantín do mar,
que brillan coma o meu amigo:
sairá o sol
e iluminará o meu corazón?

Que brillan coma o pirixel,
ondas do mar de Pantín:
sairá o sol
e iluminará o meu corazón?

Que brillan como o meu amigo,
ondas do mar de Valdoviño:
sairá o sol
e iluminará o meu corazón?

M V. e I.C

Oh, río Xuvia
se vistes meu amigo...
E non sei se nevará...

O Xuvia, meu río
se vistes meu amor...
E non sei se nevará...

Se vistes meu amigo,
fareille unha visita...
E non sei se nevará...

Se vistes meu amor,
unha visita lle farei...
E non sei se nevará...

H.B e I.B.



Mariña de Ovidio Murguía

Oh, cervo meu que camiñas pola neve branca,
espérote lavando os meus cabelos na fonte, meu
amigo.
E aí, se virás cedo!

Oh, cervo meu que camiñas pola branca neve,
espérote na fonte lavando os meus cabelos, meu
amigo.
E aí, se virás cedo!

Espérote lavando os meus cabelos na fonte, meu
amigo,
mentres o sol se pon na tarde.
E aí, se virás cedo!

Espérote na fonte lavando os meus cabelos, meu
amigo,
mentres na tarde se pon o sol.
E aí, se virás cedo!
S.F., I.C e F.R.

O sol apagouse, meu amigo.
Estaba na praia de Ares.
Edoi lelia doura.

O meu amigo, apagouse o sol.
Estaba na praia de Valdoviño.
Edoi lelia doura.

Estaba na praia de Ares
e dareille un agasallo.
Edoi lelia doura.

Estaba na praia de Valdoviño
e un agasallo lle darei.
Edoi lelia doura.

D.S e D.C.



Wivenhoe Park de John Constable